



DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR E GRAO MEDIO CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

- Técnico superior en educación infantil.
- Técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.
- Técnico en cociña e gastronomía.
- Técnico en mecanizado.
- Técnico en panadaría, repostaría e confeitaría.
- Técnico en emerxencias sanitarias.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 24 de xuño de 2008, emite o seguinte ditame en relación cos Proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao superior e grao medio de seis novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

1. O Consello Escolar de Galicia propón que se inclúa un novo parágrafo no preámbulo en todos os Proxectos de decreto, que iría antes do último e co seguinte texto:

“No desenvolvemento do presente Decreto por parte dos centros educativos terase en conta o disposto no artigo 11º do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo”.

2. Para o artigo 18.- *Módulo de síntese* no caso dos currículos dos ciclos de grao medio e, para o artigo 19.- *Módulo de proxecto*, no caso dos currículos dos ciclos de grao superior, proponse a substitución do punto 2, que quedaría redactado da seguinte forma:

“2.- Desenvolverase logo da avaliación positiva de todos os módulos formativos previos á formación en centros de traballo e coincidindo coa realización dunha parte do módulo profesional de formación en centros de traballo e avaliarase unha vez cursado este, co obxecto de posibilitar a incorporación das competencias adquiridas nel”.

3. O Consello Escolar de Galicia insta á Administración educativa a que revise o *Anexo II A) Espazos mínimos* dos seis Proxectos de decreto coa finalidade de non descartar



desdobramentos dos grupos de alumnado nos módulos con maior risco de situacións perigosas e nos que se necesite unha atención individualizada.

4. Así mesmo, recomenda a revisión do *Anexo III A*), na columna que leva por título “*Corpo*”. Nalgúns currículos, para módulos coa mesma denominación, como por exemplo o de formación e orientación laboral, aparecen os catedráticos de ensino secundario e noutros, non.
5. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa a que inste aos organismos pertinentes a revisar a lexislación actual para poder abordar os cambios necesarios para posibilitar que o profesorado das distintas especialidades que teña o perfil e a formación específica precisa que se esixe para o acceso ao corpo nos distintos campos, poida impartir os módulos formativos correspondentes. (*Anexo III dos Proxectos de decreto*).
6. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que potencie a formación relacionada coas tecnoloxías da información e comunicación, así como coas linguas estranxeiras.
7. O Consello Escolar de Galicia insta á Administración educativa a que tome as medidas oportunas para garantir que o alumnado de formación profesional coñeza o vocabulario galego específico en todos os módulos destas ensinanzas, de acordo co establecido no artigo 11º do Decreto 124/2007, do 28 de xuño.
8. Así mesmo, recoméndalle á Administración educativa que se adopten medidas para dotar de competencia lingüística en galego a aquel alumnado que non cursou os estudos previos en Galicia e non dispón desta competencia.
9. Tendo en conta a evolución no sistema produtivo cara a sistemas integrados de xestión da calidade e seguridade, o Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que estude a posibilidade de incluír contidos básicos sobre os sistemas de xestión e aseguramento da calidade nos currículos nalgún dos módulos dos distintos ciclos formativos, tal e como ocorre coa seguridade e os riscos laborais que están integrados no módulo de formación e orientación laboral e no resto dos módulos.
10. O Consello Escolar de Galicia observa que no *Anexo II do Proxecto de decreto de Técnico superior en educación infantil* (páxina 103), no seu apartado B) *Equipamentos mínimos*, aparecen dúas relacións de equipamentos de psicomotricidade e sen embargo non aparece a referencia a materiais de representación que figuran no *Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro, polo que se establece o título de técnico superior en educación infantil e se fixan as súas ensinanzas mínimas*.
11. Por último, a Comisión Permanente estimou procedente pola súa complexidade técnica non facer emendas aos contidos básicos, resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación, así como ás orientacións pedagóxicas que corresponden a cada un dos



módulos profesionais que conforman os currículos dos ciclos formativos, e que se recollen nos anexos I dos referidos Proxectos de decreto. Neste sentido, acordou remitirllas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o seu estudo por parte do equipo técnico redactor.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

v. e pr.
A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo